



"CONTRATO MIXTO DE SUBMINISTRO E OBRA CON PREVALENCIA DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE "RENOVACIÓN PARCIAL E SISTEMA INTELIXENTE DE XESTIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR"

A Estrada, 26 de agosto de 2019

REUNIDOS

-Dunha parte, **D. JOSÉ C. LÓPEZ CAMPOS DNI n.º 52472456-A, Alcalde do EXCMO. CONCELLO DE A ESTRADA. Actúa en nome e representación do Concello.**

-Doutra parte, **D. JORGE ALBERTO PÉREZ CASTILLO con DNI n.º 52754006-X, actuando en nome e representación de FERROVIAL SERVICIOS S.A. (n.º de CIF A-08241789), con capacidade acreditada para este acto, segundo resulta da documentación obrante no expediente de contratación, e que manifesta non estar incurso en ningunha das causas de incompatibilidade, incapacidade ou prohibicións, que determinan as disposicións vixentes nesta materia.**

Manifesta expresamente que as circunstancias reflectidas nos certificados ou demais documentación aportada durante o procedemento, non experimentaron variación.

En funcións de fe pública, a Secretaria da Corporación Dna.Mª Jesusa Fernández Bascuas.

Ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para obrigarse, e celebrar o contrato de subministro de **"RENOVACIÓN PARCIAL E SISTEMA INTELIXENTE DE XESTIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR"** e din o seguinte:

ANTECEDENTES

1. Expediente de contratación

O expediente de contratación por procedemento aberto regulación armonizada foi aprobado por Resolución da Alcaldía n.º 2019-0170, de data 13 de febreiro de 2019, logo de producirse a súa fiscalización pola Intervención municipal.

2. Adxudicación do contrato

Por Resolución da Alcaldía n.º 2019-0844 de data 22 de xullo de 2019, e correxido erro material pola Resolución da Alcaldía n.º 2019-0848 da mesma data, tras a fiscalización previa feita pola Intervención municipal, o contrato foi





adxudicado definitivamente a FERROVIAL SERVICIOS S.A., por ser a súa a oferta máis vantaxosa presentada, e autorizouse a celebración do presente contrato.

3. Financiación

Este proxecto está cofinanciado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) NO MARCO DO Programa Operativo de Crecemento Sostible (POCS) 2014-2020.

4. Garantía

Segundo consta mediante carta de pagamento expedida pola Tesourería Municipal, o adxudicatario constituíu garantía definitiva por importe de **33.141,36 euros**. Non será devolta esta garantía ata que, cumprido satisfactoriamente o contrato venza o período de garantía, ou sexa resolto o contrato sen culpa do contratista. Convindo a ambas partes, en calidade de adxudicador e adxudicatario, o presente **CONTRATO DE SUBMINSTRO DE "RENOVACIÓN PARCIAL E SISTEMA INTELIXENTE DE XESTIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR"**, formalízase no presente documento administrativo, con arranxo ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: FERROVIAL SERVICIOS S.A., comprométese á executar o presente **CONTRATO DE SUBMINSTRO DE "RENOVACIÓN PARCIAL E SISTEMA INTELIXENTE DE XESTIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR"** co debido respecto á lexislación de contratos das Administracións Públicas. Igualmente executará o contrato con arranxo ós Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e ós Pregos de Prescricións Técnicas que figuran no expediente así como ás instrucións que en interpretación dos mesmos poida ditar o Concello. Asemade, executarase co debido respecto á lexislación de contratos das Administracións Públicas e ó resto da normativa que lle sexa de aplicación, incluíndo a normativa en materia de protección de datos. Todos estes son documentos contractuais que coñece e acepta incondicionalmente e sen reserva algunha. Asemade, con arranxo á súa oferta en todo o que non contradiga e mellore as previsións dos Pregos.

SEGUNDA: O importe da adxudicación, que deberá satisfacer a Administración na forma e tempo previstos na lexislación de contratos das Administracións Públicas, ascende a **802.020,95 € (IVE incluído)**.

Este contrato non será obxecto de revisión de prezos.

De conformidade coa oferta presentada debe realizar ademais:

1.- A proposta de Plataforma de Xestión de Luminarias elixida que é a opción 1:

" Plataforma software totalmente funcional instalada no CPD municipal con respaldo na nube sen costes futuros adicionais".

2.- 320 horas/persoa de man de obra eléctrica.



TERCEIRA: Este contrato terá unha duración **de CUARENTA SEMANAS (40)** que empezarán a contarse a partir da firma da acta de inicio e comprobación do reformulo.

CUARTA: O prazo de garantía terá unha duración mínima de **DEZ (10) ANOS** a contar dende a acta de recepción do subministro. Se durante o prazo de garantía se acredítase a existencia de vicios ou defectos nos traballos efectuados, o Concello terá dereito a reclamar ao contratista a subsanación dos mesmos.

Transcorrido este período de tempo, e tras constatar pola Administración o estado dos traballos, procederase á liquidación do contrato. Se a liquidación fose de cero euros, ou presentase saldo favorable ó contratista, procederase á cancelación da garantía definitiva.

Caso de que a liquidación presentase un saldo favorable á Administración, esta incautará a cantidade correspondente da garantía definitiva. Todo isto, sen prexuízo das indemnizacións por danos e prexuízos que puideran corresponder.

QUINTA.- Ao abeiro da cláusula 26 do prego de Cláusulas Administrativas particulares, a empresa adxudicataria deberá presentar as facturas desglosando os importes facturados pola liña de actuación e operación:

- Líña de Actuación: LA01.-Smart Village A Estrada. Código Operación: OT 2 - PI 2.3 (2C) - OE 2.3.3 - LA 01 [AESS.OT02. OE233.LA01]. Nome operación: Sistema intelixente de xestión do Alumeado Público. 33 PCAP da contratación asociada ao expediente 6494/2018

- Líña de Actuación: LA 04.- Mellora da Eficiencia Enerxética da Administración Pública. Código Operación: OT 4 - PI 4.5 (4E) - OE 4.5.3 - LA 04 [AESS.OT04. OE453.LA04]. Nome operación: Renovación parcial do Alumeado Público.

Asimesmo, deberá engadir ao concepto da factura de forma literal a mensaxe "...no marco da EDUSI A Estrada Social e Sostible 2020 (AES2020) cofinanciada nun 80% polo Fondo FEDER mediante o Programa Operativo de Crecemento Sostible (POCS) 2014-2020, actualmente integrado no Programa Operativo Plurirrexional de España (POPE)".

Ao tratarse dun contrato mixto con prevalencia do subministro, pero con parte de obra, e contar este contrato con un proxecto a executar, no caso de realizar unha baixa no prezo, a mesma será aplicada a todas as partidas do presuposto recollido no proxecto de maneira proporcional, o que deberá ser tido en conta polo adxudicatario a hora de presentar as facturas e certificacións de obra.

SEXTA.- A entidade adxudicataria estará obrigada a cumprir as obrigas de información e publicidade establecidas no apartado 2.2. do Anexo XII do Regulamento (UE) nº 1303/2013.

SÉTIMA.- O presente contrato de obras, que ten natureza administrativa, rexeráse polo estipulado no mesmo e nos Pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas, para o non previsto expresamente nos mesmos, quedan ambas as dúas partes sometidas á lexislación de contratos do sector público e normas complementarias, supletoriamente aplicaranse as



restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

OITAVA.- As cuestión litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato serán resoltas polo órgano de contratación, mediante acordos que poñen fin á vía administrativa e contra eles terá cabe recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto pola lei reguladora de dita xurisdición, previa interposición, se é o caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados consideren procedente, de acordo co establecido na Lei de Contratos do Sector Público.

E para a debida constancia de todo o convido, as partes asinan este contrato de 4 páxinas en duplicado exemplar, en A Estrada. En funcións de fe pública, a secretaria da Corporación.



O ALCALDE.,

José C. López Campos

CONTRATISTA (FERROVIAL SERVICIOS S.A.)

D. José Alberto Pérez Castillo

A SECRETARIA ACCTAL.,



Dña. Ma Jesusa Fernández Bascuas